



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

Edificio CERSIA
Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n
Tel: 981 55 44 00 /401 Fax: 981 57 15 11
dptoeducación@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org

SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2013-2014

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS

O Concello de Santiago de Compostela pón en marcha, por segundo ano consecutivo, o servizo de comedores e madrugadores nos seguintes centros de ensino públicos: Apostólo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o servizo de madrugadores.

O pasado 15 de xullo de 2013 publicouse a listaxe de persoas admitidas e de excluídas na páxina web www.santiagodecompostela.org e no taboleiro de anuncios municipal. Tamén se indicaba que logo de adxudicado o servizo, o alumnado admitido formalizaría a matrícula a primeiros de setembro.

As solicitudes novas que se presentaron despois da anterior publicación están incluídas na listaxe que hoxe se publica na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago.

Malia non ter concluído o procedemento administrativo de licitación do servizo de comedor e madrugadores, para a información xeral das familias solicitantes comunícase que:

1º- **Todas as solicitudes presentadas están admitidas**, de acordo coa listaxe que hoxe se publica.

2º **Para a formalización da matrícula** é necesario que acheguen a seguinte documentación:

- Dúas fotografías de tamaño carnet
- Unha fotocopia da tarxeta sanitaria
- O Impreso de domiciliación bancaria, de non telo presentado coa solicitude de pre-inscrición

A documentación **entregarase en sobre pechado**, no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, na *Avda. Alcalde Raimundo López Pol, s/n*), en horario de 9 h a 14 h. Tamén poderá presentarse **nos centros educativos**, indicando os seguintes datos:

- Apelidos e nome da/o alumna/o
- Centro Educativo no que estuda
- Curso escolar

O prazo de presentación será desde o 4 ata o 11 de setembro de 2013.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2013

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais


María Castelao Torres